

# PROPOSTA de DE LECER EDUCATIVO

**CURSO 2021-2022**  
**Federación Provincial de ANPAS**



PRESENTACIÓN	3
PROPOSTA DE LECER EDUCATIVO	4
DEPORTE NO CENTRO	5
ARTE E CULTURA NO CENTRO	8
Obradoiros	8
Proxectos	9
IDIOMAS:	16
ENGLISH LAB	16
ON PARLE	17
PROGRAMAS COMPLEMENTARIO DE OCIO E CONCILIACIÓN	19
CÓXEGAS	19
CAMPACOLES	21
Campacole Nadal	
Campacole Verán	

A Federación Provincial, integrada en Confapa-Galicia e CEAPA, comezou a súa andaina no ano 1.981 a partir de doce anpas, representando na actualidade a máis de trinta e dúas mil familias.

O noso labor fundamental reside no asesoramento, tanto técnico como xurídico, ás ANPAS asociadas, xunto coa representación de todas elas a través das institucións, funcionando como organismo canalizador das necesidades e reivindicacións, individuais e/ou conxuntas, das ANPAS perante as Administracións.

O desenvolvemento desas tarefas lévanos a realizar actividades diversas: ademais das de carácter regulamentario (Asembleas e Xuntas Directivas), ofrecemos ás nosas ANPAS asesoría técnica permanente e a impartición de cursos de formación para directivos, xornadas para pais e nais integrantes de ANPAS, cursos sobre consellos escolares e ciclos de conferencias sobre temas de interese e actualidade.

Nese ámbito de apoio e desenvolvemento das ANPAS e as súas familias, forma parte dos nosos obxectivos a realización de actividades dirixidas á infancia e xuventude, que nos ten levado desde hai anos a conveniar co Concello da Coruña a realización de programas educativos en tempo de lecer. Todos eses programas desenvólvense no ámbito das actividades extraescolares, noutras actividades complementarias e tamén en períodos vacacionais, sendo premisa e obxectivo común de todos eles a procura dun desenvolvemento integral, tanto a nivel sico-físico como socioafectivo. Sempre tendo en conta que nos estamos a desenvolver no tempo de lecer, e polo tanto o xogo e a diversión deben estar presentes en todos eles.

Tanto a propia xestión conveniada dos nosos programas como a súa calidade teñen sido e son recoñecidos noutros Concellos e Provincias, asumindo moitos deles o modelo logo de ser coñecido a través de charlas divulgativas na nosa Comunidade e aínda fóra dela.

O que vos presentamos a continuación é a proposta de programas que, baixo este convenio de colaboración co Concello de A Coruña, se presentan para o vindeiro curso 21/22. Esta proposta abrangue programas de actividades físico-deportivas, programas de actividades artísticas e culturais, programas de idiomas, e programas de conciliación e programas lúdicos en períodos vacacionais. Todos eles co denominador común de poder realizarse no propio centro educativo e coa colaboración do seu equipo directivo e da súa ANPA.

Desexamos que este amplo abano de propostas sexan do voso agrado e que a situación que estamos a vivir nos permita levalas a cabo.

# PROPOSTA INTEGRAL DE LEGER EDUCATIVO

A proposta integral de lecer educativo da Federación Provincial de ANPAS para o curso 2021/2022 enmárcase nun convenio de colaboración co Concello de A Coruña. Todas as actividades propostas desenvólvense nos propios centros públicos da cidade, favorecendo así a conciliación da vida laboral, social e familiar.

Todas as actividades propostas pretenden ocupar o tempo libre da rapazada, con propostas onde o xogo e a diversión serán o aceno de identidade, proporcionando ao mesmo tempo un lecer activo e de calidade.

Os nenos e as nenas terán un amplo abano de experiencias que lles permitirán completar o seu desenvolvemento integral como persoa, dentro dun colectivo e nun ambiente distendido, socializador e integrador dende tres ámbitos: DEPORTIVO, ARTÍSTICO - CULTURAL e IDIOMAS, plantexado para acadar os seguintes obxectivos:

- Dotar de calidade o tempo de lecer dos escolares a través desta proposta lúdica de actividades culturais, deportivas e de idiomas.
- Xerar afeccións e espertar sensibilidades a través de diferentes actividades multidisciplinares (culturais, deportivas e de idiomas).
- Fomentar a socialización e a convivencia entre os nenos e as nenas do mesmo ou diferente grupo, respectando aos demais e atendendo así á diversidade e á tolerancia.
- Desenvolver actitudes, asumir valores persoais e sociais e respectar as normas de convivencia.
- Divertirse vivenciando de maneira activa diferentes propostas que atendan as inquiredanzas e intereses dos nenos e das nenas.
- Espertar o espírito crítico e reflexivo, afrontando de maneira activa unha actitude ante a realidade que os rodea, con valores libremente asumidos.
- Empregar o xogo como principal ferramenta metodolóxica: “aprender xogando”.

A proposta integral de ocio e educación baixo os referidos obxectivos abrangue tres liñas diferenciadas e combinables entre si a través da seguinte oferta de lecer educativo:

- **DEPORTE NO CENTRO.**
- **ARTE E CULTURA NO CENTRO.**
- **IDIOMAS NO CENTRO: ENGLISH LAB, ON PARLE.**

Programa que favorece o desenvolvemento integral do alumnado a través da práctica da actividade física e deportiva.

Os principais obxectivos desta proposta son:

- Disfrutar da actividade motriz e deportiva como un medio para sentirse a gusto consigo mesmo e cos demais.
- Participar con independencia do nivel de habilidade alcanzado, aceptando as normas e respectando as diferenzas entre os participantes.
- Adquirir hábitos hixiénicos e saudables directamente relacionados coa práctica de actividades motrices e deportivas.
- Desenvolver as habilidades motrices básicas e aquelas directamente vinculadas ás prácticas deportivas elixidas (especialmente nos últimos cursos de Ed. Primaria).
- Desenvolver as capacidades motrices, con especial incidencia nos elementos fundamentais das perceptivo-motrices e as socio-motrices xenéricas (Ed. Infantil), así como os específicos directamente vinculados ás prácticas deportivas (Ed. Primaria).
- Resolver situacións vinculadas a unha práctica deportiva mediante a selección e o dominio de habilidades motrices.
- Proporcionar aos escolares, a través do deporte, experiencias gratificantes e con sentido, que lles orienten á hora de utilizar adecuadamente o seu tempo libre.

Por todo isto, as propostas están adaptadas ao nivel madurativo dos participantes, comezando co XOGO como recurso lúdico e pedagóxico na etapa de Educación Infantil e o Deporte nos últimos anos de Educación Primaria. Para os primeiros cursos de Primaria óptase polo PREDEPORTE e outras propostas que se sitúan a cabalo do Xogo e o Deporte.

A metodoloxía empregada baséase nun modelo participativo e activo de todos os membros do grupo que, independentemente do seu nivel de habilidade, logre que se sentan a gusto na actividade. Unha metodoloxía que desenvolva aspectos como a creatividade, a experimentación múltiple, a resolución de conflitos e o crecemento persoal.



## PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 1 de outubro de 2021 ao 31 de maio de 2022.

## DESTINATARIOS

Preferentemente o alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria. Tamén poderá ter cabida o alumnado de E.S.O., Bacharelato e F.P. de Grao Medio e Superior.

## RATIO

Mínimo 10 escolares para formar grupo. A partir de 19, desdoblarse o grupo. Os grupos formaranse por tramos de idade de 2 ou 3 cursos consecutivos.

## HORARIO

De luns a venres das 16:00 as 18:00 h. Dúas sesións alternas á semana, dunha hora cada sesión.

## COTAS TRIMESTRAIS A ABOAR

Aboaranse 3 cotas ao longo do curso 21/22 nos seguintes períodos:

- Período outubro-décembro: 15€ por participante e escola deportiva.
- Período xaneiro-marzo: 15€ por participante e escola deportiva.
- Período abril-maio: 10€ por participante e escola deportiva.

## PRAZOS E LUGAR DE INSCRIPCIÓN

Do 1 ao 19 de setembro de 2021.

A inscrición farase en liña a través da seguinte ligazón: [www.fedapascoruna.org/inscripciones](http://www.fedapascoruna.org/inscripciones) posta a disposición segundo o centro educativo no que estea matriculado a nena ou o neno participante.

Todos os escolares inscritos aboarán una única cota anual de 4€ en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos as actividades de lecer xestionados pola Federación de Anpas para o curso 21/22.

**QUE ACTIVIDADES ELEXIR?:** As que seleccione a ANPA do teu centro de entre todas as que figuran no seguinte cadro.

Poderán solicitarse outras modalidades deportivas, sempre que o centro educativo dispoña da infraestrutura necesaria para a súa realización. Ditas propostas serán valoradas pola Federación Provincial ANPAs, quen determinará se se levan a cabo ou non.

# DEPORTE NO CENTRO. (Escolas deportivas para o curso 20/21)

	ED. INFANTIL			ED. PRIMARIA						ED. SECUNDARIA			
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º
Xogos motores	✓	✓	✓										
Predeporte				✓									
Atletismo				✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Baloncesto				✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Fútbol sala				✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Hóckey sala				✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Multideporte				✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Tenis				✓		✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Xogos rítmicos	✓	✓	✓										
Ritmo				✓									
Baile moderno						✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Ximnasia rítmica						✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Prepatinaxe	✓	✓	✓	✓									
Patinaxe						✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Hóckey patíns						✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Xogos de taboleiro	✓	✓	✓										
Xadrez				✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Xogos tradicionais	✓	✓	✓	✓	✓								
Deportes alternativos						✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓
Xogos de capoeira	✓	✓	✓										
Capoeira				✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓	✓

# ARTE E CULTURA NO CENTRO

*“Me lo contaron y lo olvidé lo vi y lo entendí lo hice y lo aprendí”*

A actividade de lecer de “Arte e Cultura no Centro” é unha proposta de ocio educativo que complementa a xornada lectiva, persegue o desenvolvemento integral (físico, intelectual e social) dos nenos e nenas nunha contorna lúdica, de diversión e entretenemento (aprender xogando) e comprende un amplo abano de actividades artísticas e culturais. Organízase a través de dúas propostas diferenciadas: “OBRADOIROS” e/ou “PROXECTOS”.

## OBRADOIROS

Son actividades multidisciplinares que abranguen diferentes áreas de contidos artísticos e culturais baixo unha estrutura de talleres. Trátase de espertar o interese e desenvolver diferentes habilidades segundo o contido de cada un deles, empregando o xogo como ferramenta educativa e de socialización.

### CONTIDOS

Actividades culturais e artísticas coma o teatro, ciencia divertida, lóxica matemática, novas tecnoloxías, animación á lectura, etc.

### PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 1 de outubro de 2021 ao 31 de maio de 2022.

### DESTINATARIOS

Escolares de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. A oferta de actividades plantéxase en función dos seguintes tres tramos de idade.

- 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil.
- 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria.
- 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria.

### RATIO

Mínimo 10 escolares para formar grupo. A partir de 19, desdoblárase o grupo.

### TEMPORALIZACIÓN

2 sesións semanais de 1 hora.

### HORARIO

A determinar pola ANPA de cada centro educativo.



## COTAS TRIMESTRAIS A ABOAR

Aboaranse 3 cotas ao longo do curso 21/22 nos seguintes períodos:

- Período outubro-décembro: 15 € por participante e Obradoiro.
- Período xaneiro-marzo: 15 € por participante e Obradoiro.
- Período abril-maio: 10 € por participante e Obradoiro.

As cotas dos obradoiros de “Mans que falan” e “Acenos” serán as seguintes:

- Período outubro-décembro: 7,5 € por participante e Obradoiro.
- Período xaneiro-marzo: 7,5 € por participante e Obradoiro.
- Período abril-maio: 5 € por participante e Obradoiro.

## INSCRICIÓN E PRAZO

Do 1 ao 19 de setembro de 2021.

A inscrición farase en liña a través da seguinte ligazón: [www.fedapascoruna.org/inscripciones](http://www.fedapascoruna.org/inscripciones) posta a disposición segundo o centro educativo no que estea matriculado a nena ou o neno participante.

(\*) Os obradoiros de “MANS QUE FALAN” e “ACENOS” teñen unha duración de 1 hora semanal dada a natureza da actividade.

(\*\*) A viabilidade do obradoiro “ENREDADOS” está condicionado a que o centro educativo poña a disposición ou ceda os medios tecnolóxicos necesarios para poder levar a cabo estas sesións.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 21/22.

## PROXECTOS

É unha actividade na que partindo dun centro de interese ou tema motivador e baixo a metodoloxía de “traballo por proxectos”, desenvolveranse diferentes actividades multidisciplinares nas que os verdadeiros protagonistas serán os nenos e nenas xerando a súa propia aprendizaxe (aprendizaxe significativo) a través da indagación/investigación e experimentación, fomentando á vez o espírito crítico e o traballo en grupo.

## CONTIDOS

Actividades multidisciplinares segundo á temática. Un centro de interese por trimestre.

As temáticas que figuran na táboa, poderán variar segundo criterio técnico.

## **METODOLOXÍA**

Traballo por proxectos.

## **PERÍODO DE REALIZACIÓN**

Do 1 de outubro de 2021 ao 31 de maio de 2022.

## **DESTINATARIOS**

Escolares de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. A oferta de actividades plantéxase en función dos seguintes tres tramos de idade.

- 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil.
- 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria.
- 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria.

## **RATIO**

Mínimo 10 escolares para formar grupo. A partir de 19, desdoblarase o grupo.

## **TEMPORALIZACIÓN**

Unha sesión de 2 horas á semana.

## **HORARIO**

Venres de 16:00 a 18:00 h. en horario continuado ou ininterrompido.

## **COTAS TRIMESTRAIS A ABOAR**

Aboaranse 3 cotas ao longo do curso 21/22 nos seguintes períodos:

- Período outubro-décembro: 18 € por participante e Proxecto.
- Período xaneiro-marzo: 18 € por participante e Proxecto.
- Período abril-maio: 12 € por participante e Proxecto.

As cotas inclúe saídas culturais a espazos ou entidades da cidade ou visitas de persoas de referencia, segundo o proxecto, ao propio centro.

## **INSCRICIÓN E PRAZO**

Do 1 ao 19 de setembro de 2021.

A inscrición farase en liña a través da seguinte ligazón: [www.fedapascoruna.org/inscripciones](http://www.fedapascoruna.org/inscripciones) posta a disposición segundo o centro educativo no que estea matriculado a nena ou o neno participante.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 21/22.

## OBRADOIROS

INFANTIL 3, 4 E 5 ANOS	PRIMARIA 1º, 2º E 3º CURSO	PRIMARIA 4º, 5º E 6º CURSO
<b>TEATRO</b> Xogo Dramático	<b>TEATRO</b> Dramatización	<b>COMEDIANTES</b> Teatro. Monólogos
<b>COMECOCOS</b> Xogos de Lóxica Matemática	<b>XENIOS</b> Lóxica Matemática	<b>ESCAPE ROOM</b> Pensamento Lóxico-Matemático
<b>EUREKA!</b> Ciencia Divertida	<b>ABRACADABRA</b> Ciencia e Maxia	<b>ESCOLA DE MAXIA</b> Matemáticas, Ciencia e Maxia
<b>RECUNCHO VERDE</b> Medio Ambiente e ReciclaXe	<b>R QUE R</b> Medio Ambiente e ReciclaXe	<b>ECO ECO</b> Medio Ambiente e ReciclaXe
<b>COLORÍN COLORADO</b> Animación á Lectura Contacontos	<b>CANTO CONTO</b> Animación á Lectura Contacontos	
<b>MANITAS</b> Expresión Plástica e Manualidades	<b>DESEÑO DE SEU</b> Expresión Plástica e Creatividade	<b>RECREARTE</b> Expresión Plástica e Creatividade
<b>PASIMISÍ</b> Xogos Populares e Tradicionalis	<b>ALALÁ</b> Música e Baile Tradicional	<b>ALALÁ</b> Música e Baile Tradicional
		<b>ENREDADOS (**)</b> Novas Tecnoloxías
	<b>MANS QUE FALAN(*)</b> Lingua de Signos	<b>ACENOS(*)</b> Lingua de Signos

## PROXECTOS

INFANTIL 3, 4 E 5 ANOS	PRIMARIA 1º, 2º E 3º CURSO	PRIMARIA 4º, 5º E 6º CURSO
1º TRIMESTRE O CIRCO	1º TRIMESTRE A VOLTA AO MUNDO	1º TRIMESTRE ECO CHEFS
2º TRIMESTRE O MEU UNIVERSO	2º TRIMESTRE ARTISTAS URBANOS	2º TRIMESTRE INVENTOS DA VINCI
3º TRIMESTRE PLANETA FELIZ	3º TRIMESTRE UN PASEO POLA MÚSICA	3º TRIMESTRE CRUNIA DE LENDA

## EDUCACIÓN INFANTIL: 3, 4 E 5 AÑOS



### TEATRO. Xogo Dramático

Aproximación ao mundo do teatro a través do xogo dramático, dun xeito lúdico ameno e pracenteiro, usando a voz e a expresión corporal como instrumento de comunicación e expresión de ánimos e sentimento, estimulando a imaxinación e creatividade.



### COMECOCOS. Xogos de Lóxica Matemática

A través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.



### EUREKA! Ciencia Divertida

Descubrir a ciencia dunha maneira lúdica e divertida, a través da experimentación e a observación directa do mundo que nos rodea, fomentando a creatividade e o pensamento crítico.



### RECUNCHO VERDE. Reciclaxe e Medio Ambiente

Actividades recreativas con material de refugallo que ten como protagonista a reciclaxe para tomar conciencia sobre o coidado e conservación do medio ambiente.



### COLORÍN COLORADO. Contacontos

Actividade de contacontos que fomenta o gusto pola lectura á vez que potencia a imaxinación, curiosidade e a creatividade introducíndoos noutros mundos: reais ou fantásticos. Os contos, historias ou poemas permitirán expresarnos oral e corporalmente; inventando e recreando novos contos e personaxes, apropiándonos das palabras e desenvolvendo así valores estéticos e éticos.



### MANITAS. Expresión Plástica e Manualidades

Combinación de diferentes artes plásticas desenvolvendo a creatividade e imaxinación así como o potencial artístico de cada neno ou nena a través da manipulación e experimentación con diferentes materiais e técnicas.



### PASIMISÍ. Xogos Populares e Tradicionais

Xogos infantís clásicos ou tradicionais, que se realizan sen axuda de xoguetes tecnoloxicamente complexos, senón co propio corpo ou con recursos facilmente dispoñibles na natureza (area, pedriñas, certos ósos como as tabas, follas, flores, ramas, etc.) ou entre obxectos caseiros ou materiais reciclados.

## EDUCACIÓN PRIMARIA: 1º, 2º E 3º CURSO



### TEATRO. Dramatización

Experimentar o pracer de facer teatro, mediante o xogo escénico, a improvisación e a aprendizaxe de técnicas teatrais, desenvolvendo a expresión oral e corporal e mellorando a súa capacidade comunicativa, creativa e interpretativa, ademais de traballar habilidades sociais.



### XENIOS. Xogos de Lóxica Matemática

A través da variedade de xogos de lóxica matemática como crebacabezas, ilusións ópticas, parellas, enigmas ou xogos de taboleiro, desenvolveranse habilidades cognitivas como a observación, atención, comprensión, memoria, organización, toma de decisións, xestión emocional e velocidade de pensamento.



### ABRACADABRA. Ciencia e Maxia

Espertar o interese pola ciencia dunha maneira lúdica e apaixonante como é a maxia, desenvolvendo habilidades mentais e corporais. Aplicar a base do método científico en diferentes procesos, propiciando así unha aprendizaxe significativa do mundo que lles rodea. Resolver problemas de maneira sinxela, crear enigmas, elaborar e ensaiar trucos de maxia tamén desenvolverá ao máximo a creatividade e imaxinación.



### R QUE R. Medio Ambiente e Reciclaxe

Actividade recreativa con materiais de refugallo (coma madeira, metal, plástico, pedras, teas, entre outros) que ten coma protagonista a reciclaxe para tomar conciencia sobre o coidado, limpeza e conservación do medio ambiente e a nosa contorna máis inmediata. A posta en práctica das 3 R (Reducir, Reutilizar e Reciclar) e a importancia de separar os lixos, serán os eixos principais desta proposta.



### CANTO CONTO. Animación á Lectura. Contacontos

Actividade que trata de espertar a imaxinación, a desinhibición e o interese pola literatura infantil. Realizarase mediante a narración dun conto, a súa escenificación, algo de atrezzo, vestuario e a implicación na historia contada e a creación doutras inventadas. A escoita activa, a comprensión, a súa interpretación e a posta en marcha da imaxinación, son os principais obxectivos desta actividade.



### DESEÑO DE SEU. Expresión Plástica e Creatividade

Con materiais reciclables e os propios das manualidade como a goma eva, gummy, feltro, etc. realizarán diferentes producións útiles e que ademais decorarán os seus recunchos favoritos. Aprenderán a deseñar os seus propios complementos e labores de artesanía a través de diferentes técnicas como macramé, costura, trezado ou estampaxe.



### ALALÁ. Música e Baile Tradicional.

Actividade que pon en valor e da a coñecer o mundo tradicional. A través da combinación da música e o baile, iníciase a os nenos e as nenas na interpretación de instrumentos de percusión, así coma nos ritmos, bailes e o cantos tradicionais. Unha sesión á semana adícarase ao baile e a outra hora á percusión e ao canto.



### MANS QUE FALAN. Lingua de signos. LSE (\*)

Actividade lúdica e innovadora deseñada para desenvolver as competencias e habilidades necesarias para afrontar o desafío de falar coas mans. A aprendizaxe de LSE levase a cabo a través dos xogos, as cancións e as manualidades. Reforza o desenvolvemento das habilidades sociais e comunicativas dos máis pequenos, aumenta a atención, favorecendo a memoria e a discriminación visual, axuda, promove valores como a empatía, o respecto, a normalización, e mellora a psicomotricidade.

## EDUCACION PRIMARIA: 4º, 5º E 6º CURSO



### TEATRO. Teatro.

Introdución ao mundo da interpretación onde se traballan habilidades sociais, memorización, autorrealización, expresividade oral e corporal e o desenvolvemento da sensibilidade a través de diferentes técnicas de dramatización, chegando a realizar pequenas funcións teatrais, sketch ou monólogos en clave de humor.



### ESCAPE ROOM. Pensamento Lóxico Matemático

Xogo baseado no desenvolvemento das habilidades mentais para a solución de enigmas e problemas. Os nenos e nenas traballando en grupo poñerán en xogo a creatividade e o pensamento crítico para ir superando diferentes probas ou retos e así resolver a proba. O obxectivo é saír dunha sala (pode ser virtual) dentro do contexto e recreación dunha historia, e para iso os xogadores deberán usar todas as súas capacidades intelectuais, creativas e de razoamento deductivo.



### ESCOLA DE MAXIA. Ciencia e Maxia

Espertar o interese pola ciencia dunha maneira lúdica e apaixonante como é a maxia, desenvolvendo habilidades mentais e corporais. Aplicar a base do método científico en diferentes procesos, propiciando así unha aprendizaxe significativa do mundo que lles rodea. Resolver problemas de maneira sinxela, crear enigmas, elaborar e ensaiar trucos de maxia tamén desenvolverá ao máximo a creatividade e imaxinación.



### ECO ECO. Medio Ambiente e Reciclaxe

Actividade recreativa con materiais de refugallo (coma madeira, metal, plástico, pedras, teas, entre outros) que ten coma protagonista a reciclaxe para tomar conciencia sobre o coidado, limpeza e conservación do medio ambiente e a nosa contorna máis inmediata. A posta en práctica das 3 R (Reducir, Reutilizar e Reciclar) e a importancia de separar os lixos serán os eixos principais desta proposta.



### RECREARTE. Expresión Plástica e Creatividade

Coñecer diferentes materiais como feltro, gummy, lá, papel, materiais reutilizados, etc. empregando para iso técnicas como coser, colaxe, estampación, encadernación, etc. para realizar diversas manualidades dando como sempre un espazo a creatividade individual. O obxectivo é potenciar o sentido artístico, a imaxinación e a autonomía e a diversidade de intereses valorando á vez as producións dos compañeiros.



### ALALÁ. Música e Baile Tradicional.

Actividade que pon en valor e da a coñecer o mundo tradicional. A través da combinación da música e o baile, iniciarase a os nenos e as nenas na interpretación de instrumentos de percusión así coma nos ritmos, bailes e o cantos tradicionais. Unha sesión á semana adicarase ao baile e a outra hora á percusión e o canto.



### ENREDADOS. Novas tecnoloxías. (\*\*)

Descubrir e coñecer a utilidade e o manexo das novas tecnoloxías como ferramenta e complemento á formación dos nenos e nenas, iniciándoos no manexo básico do ordenador ou tableta e fomentando o seu uso razoable e responsable. Os contidos serán: - A introdución á informática e contorna Windows; - O procesador de texto; - Presentacións en power point ou outras app; - Internet, procuras guiadas; O correo electrónico. Os contidos desenvolveránse segundo o nivel do grupo.



### ACENOS. Lingua de signos. LSE (\*)

Actividade lúdica e innovadora deseñada para desenvolver as competencias e habilidades necesarias para afrontar o desafío de falar coas mans. A aprendizaxe de LSE levase a cabo a través dos xogos, as cancións, e as manualidades. Reforza o desenvolvemento das habilidades sociais e comunicativas dos máis pequenos, aumenta a atención, favorecendo a memoria e a discriminación visual, axuda, promove valores como a empatía, o respecto, a normalización, e mellora a psicomotricidade.

# IDIOMAS NO CENTRO

A actividade de lecer “Idiomas no Centro”, é unha proposta centrada nas linguas estranxeiras, co afán de ofrecer a vertente máis lúdica do achegamento ás mesmas. Organizarase a través de dúas propostas diferenciadas: **ENGLISH LAB** (inglés) e **ON PARLE** (francés).

## OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar o coñecemento dun idioma estranxeiro (inglés ou francés) nun contexto lúdico que reporte unha experiencia positiva durante o proceso de aprendizaxe.
- Adquirir competencia comunicativa un idioma estranxeiro (inglés ou francés) sobre aspectos centrados na súa faceta oral; escoita e fala.
- Desenrolar unha oferta complementaria, no marco do ensino público, baseada na lingua estranxeira, que favoreza a conciliación da vida familiar e laboral.

## METODOLOXÍA

As características que definen a metodoloxía das actividades do programa son: actividade complementaria dentro do centro escolar, a contorna lúdica e a participación activa do alumnado. Estes serán os acenos de identidade da actividade. Por todo iso, empregárase unha metodoloxía que reforce a contorna de diversión nunha actividade complementaria e que pretende enriquecer o tempo de lecer formativo dos e das participantes. Atenderase aos intereses do alumnado, apoiándose permanentemente o contexto nas habilidades derivadas do uso oral do idioma, con actividades enfocadas a resolver necesidades da vida cotiá.

## AVALIACIÓN

Será un proceso de avaliación continua. Empregaremos ordinariamente ferramentas de avaliación oral por medio de entrevistas, de conversas, de exposicións, de postas en común... para valorar o nivel individual do alumnado. De xeito extraordinario, dúas ou tres veces no curso, levaranse a cabo postas en común grupais ou creacións en soporte audiovisual que servan de mostra, e ó mesmo tempo de avaliación, do nivel de progresión do alumnado participante.

## ACTIVIDADE: ENGLISH LAB

Proposta específica para lingua inglesa no programa Idiomas non Centro, centrada na adquisición de comprensión e fluidez da comunicación oral na devandita lingua.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Realizar unha inmersión en lingua inglesa, adaptándose ás características



das diferentes etapas educativas e potenciando a vertente lúdica das distintas propostas.

- Propiciar a interrelación dos contidos propios da lingua inglesa con disciplinas e actividades atractivas para os e as participantes que reforcen a formación integral das persoas.
- Mellorar a capacidade de escoita comprensiva a través de recursos baseados en centros de interese, os cales fomenten a participación activa do alumnado.
- Potenciar a expresión oral en base a temáticas que resulten motivantes para os e as escolares, nun contexto de confianza e relaxación.
- Adquirir seguridade e soltura na comunicación oral en lingua inglesa, coa fin de favorecer o seu uso cotián.
- Afianzar a proposta educativa complementaria que as ANPAS ofrecen nos centros públicos do municipio da Coruña, de forma que posibilite atender ás necesidades de conciliación das familias con alumnado desde Educación Primaria ata Educación Secundaria.

## ACTIVIDADE: ON PARLE

Proposta específica para lingua francesa no programa Idiomas non Centro, centrada no descubrimento e a primeira inmersión en lingua francesa, para o alumnado novel, e na adquisición de comprensión e soltura da comunicación oral na devandita lingua, para os xa iniciados.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Realizar unha inmersión en lingua francesa, adaptándose ás características das diferentes etapas educativas e potenciando a vertente lúdica das distintas propostas.
- Propiciar a interrelación dos contidos propios da lingua francesa con disciplinas e actividades atractivas para os e as participantes que reforcen a formación integral das persoas.
- Afrontar a primeira aproximación á lingua francesa, para o alumnado nas súas primeiras etapas de formación, ou aquel que nunca tivese contacto antes coa lingua francesa.
- Afianzar e enriquecer o coñecemento que, sobre o idioma francés, posúa o alumnado que xa realizase a primeira inmersión na devandita lingua.
- Mellorar a capacidade de escoita comprensiva a través de recursos baseados en centros de interese, os cales fomenten a participación activa do alumnado.
- Potenciar a expresión oral en base a temáticas que resulten motivantes para os e as escolares, nun contexto de confianza e relaxación.

- Adquirir seguridade e soltura na comunicación oral en lingua francesa, coa fin de favorecer o seu uso cotián.
- Enriquecer a proposta educativa complementaria que as ANPAS ofrecen nos centros públicos do municipio da Coruña, de forma que posibilite atender ás necesidades de conciliación das familias con alumnado desde Educación Infantil ata Educación Secundaria.

## PERÍODO DE REALIZACIÓN

Do 1 de outubro de 2021 ao 31 de maio de 2022.

## DESTINATARIOS

Escolares de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de centros públicos do concello da Coruña.

- 4º a 6º curso de Educación Infantil (só para a actividade On Parle).
- 1º a 6º curso de Educación Primaria.
- 1º a 4º curso de Educación Secundaria.

## RATIO

O alumnado organizarase en grupos cun máximo de 14 participantes preferentemente do mesmo ciclo educativo, podendo chegar a considerarse a convivencia de escolares de dous ciclos educativos nun mesmo grupo.

## TEMPORALIZACIÓN

2 sesións semanais de 1 hora.

## HORARIO

A determinar pola ANPA de cada centro educativo.

## COTAS A ABOAR NON CURSO 21-22

- Período outubro-décembro: 45 €
- Período xaneiro-marzo: 45 €
- Período abril-maio: 30 €

## INSCRICIÓN E PRAZO

A inscrición farase en liña a través da ligazón posta a disposición para este programa. Do 1 ao 19 de setembro de 2021.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para o curso 21/22.

Estarán exentos de calquera cota (agás a do seguro de accidentes) os nenos ou nenas que xustifiquen ser beneficiarios da beca comedor para o curso 21/22.

# PROGRAMAS COMPLEMENTARIOS DE OCIO E CONCILIACIÓN

A Federación Provincial de ANPAS, co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias nos períodos non lectivos, oferta dous programas que se enmarcan tamén dentro do convenio de ocio subscrito pola Federación Provincial de ANPAS co Concello da Coruña. Estes son: CÓXEGAS E CAMPACOLES (Nadal e Verán).

O obxectivo dos mesmos é cubrir a nivel pedagóxico este tempo de lecer, con contidos, valores e actitudes desexables nos escolares, dende una perspectiva lúdica, facilitando ao tempo a conciliación da vida laboral, social e familiar.

## CÓXEGAS

O programa Cóxegas é unha proposta que da resposta á demanda de conciliación familiar e laboral para familias con fillos e fillas escolarizados en centros públicos, en tempo extraescolar durante os períodos nos que as Anpas non desenvolven actividades extraescolares (setembro e xuño).

### OBXECTIVOS

- Ofertar una vía de conciliación familiar no propio centro educativo.
- Afianzar hábitos e normas de comportamento en convivencia.
- Favorecer o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo-social e da personalidade dos nenos e nenas a través do xogo e as actividades lúdicas axeitadas a cada idade.

### PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Este programa ofrece ao alumnado a oportunidade de realizar xogos e deportes así como actividades lúdicas de animación teatral, plástica, etc. baixo un enfoque integrador, onde os nenos e as nenas serán os propios protagonistas mediante a creación dunha aventura virtual ao longo destas 3 semanas de duración do programa.

### PERÍODO DE REALIZACIÓN

- Período 1: Do 9 ao 30 de setembro de 2021.
- Período 2: Do 1 ao 22 de xuño de 2022.

## DESTINATARIOS

Escolares matriculados en colexios públicos do concello de A Coruña, precisando un mínimo de 10 participantes inscritos para a formación de grupo.

## HORARIO

De luns a venres, das 16:00 as 18:00 h.

## PREZO / CUSTO:

15 € por cada período.

## PRAZOS E LUGAR DE INSCRIPCIÓN

Inscripción on- line na seguinte ligazón [www.fedapascoruna.org/inscripciones](http://www.fedapascoruna.org/inscripciones)

- Período 1: A partires do 1 de setembro de 2021.
- Período 2: Do 3 ao 9 de maio de 2022.

Os escolares inscritos aboarán unha única cota de 4 € en concepto de seguro de accidentes, que lles dará cobertura en todos os programas xestionados pola Federación de Anpas para ou curso 21/22.



# CAMPACOLES

A Federación Provincial de ANPAs en convenio co Concello da Coruña, co fin de dar resposta ás necesidades de conciliación das familias nos períodos vacacionais, leva a cabo o programa de actividades Campacole, baixo o formato de campamentos urbanos.

Os Campacoles ofrecen a posibilidade de manter cobertura horaria similar á do período escolar coa ampliación de servizos como madrugadores (con ou sen almorzo) e comedor.

## PERIODO DE REALIZACIÓN

Períodos de vacacións escolares:

- Nadal.
- Xuño (dende a finalización do curso escolar) e xullo.

## DESTINATARIOS

Alumnado de Ed. Infantil e Ed. Primaria dos centros públicos do concello da Coruña. Terá preferencia o alumnado dos CEIP que sexan sede.

## RATIO

A ratio mínima para a realización do campamento será de 15 escolares por centro e 10 nos servizos de madrugadores e comedor. No caso de non chegares ao mínimo esixido, devolverase a cota aboada dos servizos de comedor, madrugadores e almorzo. Para efectuar a devolución da cota do campacole, no caso dunha renuncia, deberá xustificarse convenientemente o motivo da anulación da praza e poder ser adxudicada esta a outra persoa que estea inscrita na listaxe de agarda.

## HORARIO

Campacole: De 10:00 a 14:00 h.

Madrugadores (con ou sen almorzo): A partir das 8:30 h

Comedor: Desde as 14:00 h ata as 15:30 h (poderase saír desde as 15:00 h)

## COTAS A ABOAR

Existen cotas diferenciadas para cada servizo: campamento; madrugadores con almorzo; madrugadores sen almorzo; comedor.

## INSCRICIÓNS

Primeira semana de decembro e última semana de maio. [www.fedapasacoruna.org/inscripciones](http://www.fedapasacoruna.org/inscripciones)

## LUGAR DE REALIZACIÓN

Centros públicos do Concello da Coruña.

Debe haber unha solicitude previa da ANPA, ten que estar aprobado en Consello Escolar e será valorado pola Federación Provincial de ANPAs.

## INSTALACIÓNS E RECURSOS MATERIAIS

A realización dos campacoles supón a apertura dos centros escolares en períodos vacacionais, o que require unha solicitude formal por parte das ANPAS e da Federación á dirección do centro escolar para a súa aprobación en Consello escolar. O cumprimento deste trámite é requisito previo para optar a ser sede dun campacole.

Os espazos que se precisarán serán os seguintes:

- Un aula por grupo constituído.
- Un espazo amplo e cuberto para a realización de actividades de movemento, tipo salón de actos ou ximnasio.
- Comedor.

O campamento inclúe a dotación do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades. Tamén se contará cun servizo de limpeza, por tratarse dun período vacacional no que os centros escolares están pechados e polo tanto non se dispón nin de conserxe nin de persoal de limpeza.



## CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN\*

- Estar matriculado nun centro público do concello de A Coruña.
- Formalizar a inscrición on-line e aboar a cota das actividades solicitadas.
- Deberán inscribirse un mínimo de 10 participantes para a formación de grupo.
- Se un participante precisase un apoio específico deberá indicalo no formulario de inscrición. Esta solicitude de apoio será estudada pola Federación Provincial de ANPAs para valorar a súa viabilidade en función dos recursos dispoñibles.
- Se non se puidese formar un grupo por non chegar ao mínimo de participantes, non dispoñer dos recursos humanos, materiais ou instalacións axeitadas, facilitarase aos solicitantes a inclusión noutro grupo xa formado ou ben valorarase conxuntamente coas familias substituír esa actividade por outra que si requira as condicións necesarias para a súa posta en marcha.
- Aboar a cota única de 4€ en concepto de seguro de accidentes que lle dará cobertura en calquera das actividades xestionadas pola Federación de ANPAs no curso 21/22.
- No caso de ser beneficiario da beca de comedor para o curso 21/22, estará exento do pago da cota da actividade, non así do seguro de accidentes. No momento de facer a inscrición online débese indicar, no apartado correspondente, o NIF, NIE do solicitante da beca de comedor e o código de asento da beca, que figura na solicitude inicial da petición da beca.
- Cumprir as normas de convivencia do centro e manter unha actitude de respecto no desenvolvemento das actividades. En caso de non cumprirse aplicarase o protocolo sancionador presente no centro educativo ou na ANPA dese centro.
- As actividades solicitadas serán escollidas entre todas as ofertadas por o ANPA no centro no que está matriculado. Poderán acollerse participantes da contorna do centro, aínda que non estean matriculadas/os nel, sempre que sexa xustificada a súa participación e o Consello Escolar do centro receptor así o aprobe.

\* Estas condicións xerais de participación manteráanse para todos os programas de lecer, agás os Campacoles.

Dada a situación derivada da pandemia actual, a información recollida neste libro está suxeita ás modificacións (ratio, tipo de actividades recomendadas, protocolos de seguridade,...) xurdidas e que poidan xurdir por mor das sucesivas adaptacións ás instrucións e recomendacións das autoridades sanitarias, educativas e laborais en materia de seguridade e saúde pública.



## INFORMACIÓN

### **Federación Provincial ANPAS**

Rúa Orzán, 21 - 15001 A Coruña

correo electrónico: [ocio@fedapascoruna.org](mailto:ocio@fedapascoruna.org)

web: [www.fedapascoruna.org](http://www.fedapascoruna.org)

web: [www.coruna.es/educación](http://www.coruna.es/educación)

Tel.: 981 202 002 / 981 201 877